



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2019-2020

TRABALLO DE FIN DE GRADO

**Proxecto de investigación sobre as
necesidades ocupacionais dos nenos e nenas
no colexio: narrativas para promover o
equilibrio ocupacional**

Marta Cebeiro Vigo

Xuño 2020

Directoras

Betania Groba González

Terapeuta ocupacional na Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña. Membro do grupo de investigación Tecnología ApLicada a la Investigación en OcupacióN, Igualdad y Salud (TALIONIS)

Natalia Yanaína Rivas Quarneti

Terapeuta ocupacional. Profesora na Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña.

Título: Proxecto de investigación sobre as necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio: narrativas para promover o equilibrio ocupacional

Resumo: A educación é un dereito universal recollido na Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 e unha das bases da saúde e o benestar. A literatura posiciona a Terapia Ocupacional como unha parte importante do equipo educativo. A súa función neste ámbito consiste na promoción da saúde, a inclusión e a participación en ocupacións. Sen embargo, a súa figura no Sistema Educativo Español non se atopa presente de forma estrutural.

Os/as terapeutas ocupacionais definen o equilibrio ocupacional como un patrón de ocupacións consistente que produce menos estrés e mellora a saúde e a calidade de vida. Aínda que este concepto é amplamente estudado na etapa adulta, non existe evidencia da súa relación coa infancia e a etapa escolar.

Obxectivo: O obxectivo principal do estudo é explorar e identificar as necesidades ocupacionais relacionadas co desempeño ocupacional, o equilibrio ocupacional e o ambiente para identificar accións que promovan a participación dos nenos e nenas na escola.

Metodoloxía: Empregarase unha metodoloxía de investigación mixta. Unha parte do estudo será de tipo cuantitativo, concretamente descritivo, observacional e transversal. A outra parte será de tipo cualitativo, seguindo a metodoloxía da Investigación Acción Participativa.

A poboación de estudo compoñeráse de tres grupos: Por un lado, terapeutas ocupacionais, e polo outro, profesores/as e nenos/as dun colexio da cidade de A Coruña. A información será recollida mediante a observación, a administración de entrevistas semiestructuradas e cuestionarios e unha dinámica grupal no caso dos alumnos/as.

Palabras clave: Terapia Ocupacional, necesidades ocupacionais, equilibrio ocupacional, infancia, colexio, espazo sensorialmente amigable

Título: Proyecto de investigación sobre las necesidades ocupacionales de niños y niñas en la escuela: narrativas para promover el equilibrio ocupacional

Resumen: La educación es un derecho universal recogido en la Declaración Universal de Derechos Humanos de 1948 y una de las bases de la salud y el bienestar. La literatura posiciona la terapia ocupacional como una parte importante del equipo educativo. Su papel en este ámbito consiste en la promoción de la salud, la inclusión y la participación en ocupaciones. Sin embargo, su figura en el Sistema Educativo Español no está presente de forma estructural.

Los/las terapeutas ocupacionales definen el equilibrio ocupacional como un patrón consistente de ocupaciones que produce menos estrés y mejora la salud y la calidad de vida. Aunque este concepto se estudia ampliamente en la etapa adulta, no hay evidencia de su relación con la infancia y la etapa escolar.

Objetivo: El objetivo principal del estudio es explorar e identificar las necesidades ocupacionales relacionadas con el desempeño ocupacional, el equilibrio ocupacional y el entorno para identificar acciones que promuevan la participación de niños y niñas en la escuela.

Metodología: Se utilizará una metodología de investigación mixta. Una parte del estudio será de tipo cuantitativo, específicamente descriptivo, observacional y transversal. La otra parte será de tipo cualitativa, siguiendo la metodología de la Investigación Acción Participativa.

La población de estudio estará compuesta por tres grupos: por un lado, terapeutas ocupacionales y, por otro, profesores/as y niños/as de una escuela de la ciudad de A Coruña. La información se recopilará a través de la observación, la administración de entrevistas semiestructuradas y cuestionarios y una dinámica grupal en el caso de los estudiantes.

Palabras clave: Terapia ocupacional, necesidades ocupacionales, equilibrio ocupacional, infancia, escuela, espacio sensorialmente amigable.

Title: Research project about the occupational needs of children in school: narratives to promote occupational balance

Abstract: Education is a universal right enshrined in the 1948 Universal Declaration of Human Rights and one of the foundations of health and well-being. The literature positions occupational therapy as an important part of the educational team. Its role in this area is to promote health, inclusion and participation in occupations. However, its figure in the Spanish Educational System is not present in a structural way.

Occupational therapists define occupational balance as a consistent pattern of occupations that produce less stress and improve health and quality of life. Although this concept is widely studied in adulthood, there is no evidence of its relationship with childhood and school settings.

Objective: The main objective of this study is to explore and identify occupational needs related to occupational performance, occupational balance and the environment in order to identify actions that promote children's participation in school.

Methodology: A mixed research methodology will be used. One part of the study will be quantitative, specifically descriptive, observational and cross-sectional. The other part will be qualitative, following the methodology of Participatory Action Research.

The study population will be composed of three groups: on the one hand, occupational therapists, and on the other hand, teachers and children from a school in the city of A Coruña. The information will be collected through observation, the administration of semi-structured interviews and questionnaires and a group activity in the case of the students.

Keywords: Occupational therapy, occupational needs, occupational balance, childhood, school, sensorially friendly space

Índice

1.	Antecedentes e estado actual do tema.....	9
1.1.	Educación.....	9
1.2.	Educación en España.....	10
1.3.	Terapia ocupacional na educación.....	11
1.3.1.	Equilibrio Ocupacional.....	14
1.3.2.	Espazos sensorialmente amigables.....	16
2.	Bibliografía máis relevante.....	18
3.	Obxectivos.....	24
4.	Metodoloxía.....	25
4.1.	Tipo de estudo.....	25
4.2.	Ámbito de estudo.....	26
4.3.	Selección dos informantes.....	26
4.3.1.	Grupo I: Terapeutas ocupacionais.....	27
4.3.2.	Grupo II: Profesorado de Educación infantil e/ou primaria ...	28
4.3.3.	Grupo III: Alumnado.....	28
4.4.	Procedemento.....	29
4.4.1.	Etapa pre-investigación.....	29
4.4.2.	Etapa 1.....	30
4.4.3.	Etapa 2.....	31
4.4.4.	Etapa 3.....	33
4.4.5.	Etapa post-investigación.....	33
4.5.	Técnicas de recollida da información.....	34
4.6.	Recursos materiais.....	37
5.	Aplicabilidade.....	38

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

6. Plan de traballo.....	39
7. Aspectos éticos.....	40
8. Plan de difusión dos resultados	42
8.1. Revistas	42
8.2. Congresos	43
8.2.1. Congresos nacionais.....	43
8.2.2. Congresos Internacionais.....	43
9. Financiamento da investigación.....	44
9.1. Recursos necesarios e orzamento	44
9.2. Posibles fontes de financiamento	45
9.2.1. Fontes de financiamento públicas	45
9.2.2. Fontes de financiamento privadas.....	45
10. Agradecementos.....	46
11. Apéndices	47
Apéndice I: Listaxe de abreviaturas	47
Apéndice II: Cuestionario sociodemográfico para profesores/as e terapeutas ocupacionais	48
Apéndice III: Cuestionario sociodemográfico para nenos e nenas.....	51
Apéndice IV: Cuestionario sobre Equilibrio Ocupacional	53
Apéndice V: Lista de comprobación de habilidades na aula para o/a profesor/a:	55
Apéndice VI: Entrevista semiestructurada para terapeutas ocupacionais	60
Apéndice VII: Entrevista semiestructurada para profesores/as.....	61
Apéndice VIII: Folla de Información para terapeutas ocupacionais.....	63
Apéndice IX: Folla de Información para profesores/as.....	68

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

Apéndice X: Folla de información para pais, nais ou titores legais.....	74
Apéndice XI: Documento de consentimento informado para participantes adultos.....	79
Apéndice XII: Documento de consentimento informado para pais, nais ou titores legais de participantes menores	80
Apéndice XIII: Documento de asentimento informado para menores con 12 o máis anos	81

1. Antecedentes e estado actual do tema

1.1. Educación

A educación é a base da saúde e do benestar (1). A educación de calidade é uns dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS¹) da Organización das Nacións Unidas (ONU), alegando que é a clave para alcanzar moitos dos outros ODS. O obxectivo da ONU é “garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanentes para todos”, aducindo que é fundamental para fuxir da pobreza (2).

No ano 1948 redáctase a Declaración Universal de Dereitos Humanos, que no seu artigo 26 recoñece o dereito de todas as persoas a recibir unha educación co fin de desenvolver a personalidade e promover o respecto e a tolerancia (3).

A educación é un contribuínte ao progreso de individuos e sociedades. Considérase un aspecto clave para paliar as desigualdades tanto económicas como sociais (incluídas as relativas ao xénero), xa que inflúe no benestar social e na accesibilidade ao emprego. Aínda que o desenvolvemento sempre dependeu da educación, esta adquiriu maior relevancia actualmente debido ao avance das ciencias, a tecnoloxía e a innovación (4).

Pola súa parte, as organizacións e entidades participes da Declaración de Incheon en 2015, afirman que a educación é “un dereito humano fundamental e a base para garantir a realización de outros dereitos” (5), e comprométense a realizar accións a favor da accesibilidade universal e gratuíta, da inclusión, a igualdade de xénero, e a calidade na educación.

A educación é, a modo de resumo, un instrumento de empoderamento para as persoas e fundamental para a creación de sociedades pacíficas (2).

¹ A listaxe de abreviaturas pode consultase no Apéndice I.

1.2. Educación en España

O artigo 27 da Constitución Española de 1978 (6) reconece a liberdade de ensinanza mediante a cal todas as persoas teñen dereito á educación. Neste mesmo artigo, establécese que a ensinanza básica, tanto primaria como secundaria, debe ser obrigatoria e gratuíta.

A lei vixente que regula o sistema educativo en España actualmente é a “Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa” (LOMCE) (7), modificación da “Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación”, actualizada no ano 2018. Con esta lei propónse unha reforma educativa e un cambio de metodoloxía, suxerindo que o alumnado é o elemento activo do proceso, co obxectivo de situar a educación no centro da sociedade e a economía do país para adaptarse aos cambios que experimenta a sociedade na actualidade. Mediante os diferentes artigos polos que a lei está composta, defínese o currículo académico e a distribución das competencias, organización e avaliación, así como as condicións de acceso ao sistema educativo.

O dereito á educación dos alumnos e das alumnas en España está regulado mediante a “Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del Derecho a la Educación” (8), mediante a cal se establece o dereito á educación básica, obrigatoria e gratuíta e o dereito ao acceso á educación superior de todos os españois e as españolas. No artigo 6 desta lei especifícanse os dereitos básicos dos alumnos e das alumnas, como o dereito a unha valoración obxectiva, o respecto da súa integridade ou a súa liberdade de conciencia.

Os coñecementos mínimos a alcanzar polos/as alumnos e alumnas están determinados polo “Real Decreto 1513/2006, de 7 de diciembre, por el que se establecen las enseñanzas mínimas de la Educación primaria” (9).

Na Declaración de Salamanca de 1994 (10), exprésase que o sistema educativo debe deseñarse tendo en conta que cada neno/a ten diferentes características, capacidades e necesidades de aprendizaxe. Ademais, proclámase que os/as alumnos e alumnas con necesidades educativas

especiais deben poder estar integrados nas escolas ordinarias, permitíndoselle satisfacer as súas necesidades.

1.3. Terapia ocupacional na educación

A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT) define a Terapia Ocupacional (TO) como “unha profesión sanitaria centrada no cliente e preocupada por promover a saúde e o benestar a través da ocupación” (11).

A TO céntrase na habilitación das persoas para realizar as súas ocupacións de forma efectiva. Mediante a modificación das actividades ou os contextos, os/as terapeutas ocupacionais traballan para promover a participación nas actividades da vida diaria de individuos e comunidades (11).

A través dunha perspectiva holística na que a persoa usuaria é parte do equipo de intervención (12), a TO pretende manter ou recuperar a independencia nas actividades diarias (13).

Aínda que a maioría dos nenos e das nenas presentan un desenvolvemento típico, en algúns casos existen diferentes condicións que dificultan a participación en actividades da vida diaria (14).

Segundo a Enquisa sobre Discapacidades, Deficiencias e Estado de Saúde de 1999, un 2,2 % dos nenos e das nenas en España presentaban algunha limitación que podería dar lugar a algún tipo de discapacidade, case a metade por causas conxénitas (15). Un estudo epidemiolóxico levado a cabo en 2016, revelou que existen máis de 36.000 persoas entre 6 e 19 anos con discapacidade intelectual en España (o que representa o 18,4% do total de persoas con discapacidade intelectual), dos cales case 5.000 teñen Síndrome de Down (16).

Segundo unha investigación realizada en 2018, a prevalencia dos Trastornos do Espectro do Autismo (TEA) no noso país é de 1'55% en nenos e nenas preescolares e do 1% en escolares (17). En canto ao

Trastorno por Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade (TDAH), estímase que a prevalencia é do 5% aproximadamente (18).

A participación infantil é un dereito recollido na Convención sobre os Dereitos dos Nenos de 1989 (19). Como se mencionou anteriormente, existen certas condicións de saúde que poden comprometer a habilidade dos nenos e das nenas para participar en ocupacións, como pode ser a educación. Sen embargo, a dificultade na participación non está necesariamente relacionada coa presenza de determinadas condicións de saúde.

A Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde (CIF) define os factores ambientais como os “factores que contribúen ao ambiente físico, social e actitudinal no que as persoas viven e conducen as súas vidas” (20). Neste documento explícase que os factores ambientais poden actuar como facilitadores, ou, polo contrario, como barreiras dificultando a ocupación. Polo tanto, os datos sobre nenos e nenas con dificultades de participación na escola permiten unha aproximación á realidade. Sen embargo, existen determinadas situacións contextuais que poden dificultar ou por en risco a participación en ocupacións na infancia (migración, dificultades económicas, exclusión social, etc.).

Os/as terapeutas ocupacionais no ámbito escolar son membros importantes do equipo educativo (13). Os fundamentos da profesión aportan unha sólida base que xustifica a importancia da TO na escola. Sen embargo, en España, a figura do/a terapeuta ocupacional non se atopa presente de xeito estrutural no sistema educativo (21), existindo diferencias entre provincias.

Segundo os datos publicados pola Organización para la Cooperación y Desarrollo Económico (OCDE) no ano 2016, durante o curso 2013/2014 o sistema educativo español contaba cun total de 28 terapeutas ocupacionais desempeñando o traballo en centros educativos públicos, privados ou concertados. Ao comparar esta cifra co número de alumnos e alumnas

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

existentes en Ensinanzas de Réxime Xeral en España durante o curso 2017/2018 (8.158.205), a relación de alumnos e alumnas por cada terapeuta ocupacional sería de 1/ 291.378,75 (22).

Moitos dos/as terapeutas ocupacionais que traballan no ámbito escolar fano no País Vasco, comunidade pioneira na inclusión destes profesionais en educación, e en Canarias.

Á limitación de recursos e a falta de coñecemento do profesorado acerca da TO pode relacionarse coa dificultade de acceso dos estudantes a estes servizos (23)

Segundo a Asociación Americana de Terapeutas Ocupacionais (AOTA polas súas siglas en inglés) (12), as intervencións de TO promoven unha participación plena na escola en nenos e nenas con diversidade funcional ou en situación de vulnerabilidade por cuestións de índole social.

A súa labor non vai dirixida unicamente aos estudantes tanto de educación ordinaria como especial, se non que o seu rol no centro escolar esténdese á educación dos pais e das nais, profesores/as e demais profesionais. Os/as terapeutas ocupacionais apoian e guían aos nenos e ás nenas para participar en ocupacións no eido académico e non académico da escola, como poden ser a participación social, o transporte escolar e a participación no recreo, entre outras (13).

Existen diferentes estudos que concretan exemplos do traballo que os/as terapeutas ocupacionais levan a cabo no ámbito educativo na actualidade.

Un estudo realizado por Chandler (24) en 1994 revelou que a razón máis común pola que os alumnos e alumnas son derivados aos servizos de TO na escola eran as dificultades na escritura. Nos casos nos que as intervencións para a mellora da escritura teñen efectos limitados, o/a terapeuta ocupacional pode deseñar métodos compensatorios que melloren o desempeño dos alumnos na escritura (25).

Ademais, os/as terapeutas ocupacionais están capacitados para deseñar e levar a cabo programas co fin de mellorar a inclusión dos alumnos e

alumnas, así como a accesibilidade (13). Un exemplo disto é o Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA), un enfoque creado na década dos 90 por Meyer e Gordon (26). Meyer et al (citados por Kennedy et al (27)) explican que este enfoque inspirado na arquitectura “proporciona pautas para o apoio de nenos e nenas con diversidade funcional a profesores/as e profesionais da saúde co obxectivo final de promover a inclusión de todos os alumnos e alumnas” (27).

O DUA é levado a cabo por diferentes profesionais da educación e da saúde no ámbito escolar. No caso dos/as terapeutas ocupacionais, as intervencións están centradas na auto-regulación dos nenos e das nenas (27).

1.3.1. Equilibrio Ocupacional

O equilibrio ocupacional, un concepto imprescindible na literatura de TO, é definido por Anaby et al como “unha harmonía subxectiva acerca das propias ocupacións” (28). Pola súa parte, Christiansen e Matuska definen este concepto como “un patrón de ocupacións consistente que produce menos estrés e mellora a saúde e a calidade de vida” (29).

O equilibrio ocupacional implica unha coherencia percibida entre as ocupacións desexadas e as reais. Esta congruencia inflúe na calidade de vida, xa que pode levar á redución do estrés e á mellora da saúde (30).

Nos países desenvolvidos, percíbese que as esixencias da vida diaria exceden a capacidade das persoas para asumilas. A ausencia de equilibrio ocupacional tradúcese como unha dificultade, debido á falta de tempo (real ou subxectiva) para cumprir con estas esixencias e satisfacer as necesidades ocupacionais (29).

Na etapa adulta estas esixencias provocan que o traballo invada outras ocupacións non relacionadas coa actividade laboral, producindo estrés e reducindo tempo para dedicarse a actividades significativas, implicando un decrecemento do benestar. Polo contrario, unha vida na que existe

equilibrio ocupacional debería producir un benestar subxectivo e aumentar a calidade de vida (31).

Os diferentes roles de cada individuo débense ter en conta á hora de falar de equilibrio, xa que cada rol implica ocupacións características, e estas á súa vez traen consigo diferentes obrigacións. A forma na que os diferentes roles se combinan pode dar lugar a demandas variables na vida diaria das persoas. O estrés ocorre cando se asumen demasiados roles ou as demandas destes son elevadas; o que pode provocar que se reste tempo a un rol para destinalo a outro, en detrimento, normalmente, de ocupacións non relacionadas co traballo. A participación en roles e ocupacións significativas que satisfagan certas necesidades psicolóxicas son importantes para alcanzar unha mellor calidade de vida (29).

O modelo proposto por Christiansen e Matuska describe o equilibrio ocupacional como “un patrón de actividades da vida diaria que é saudable, significativo e sostible para a persoa dentro das súas circunstancias vitais” (30), debendo ter en conta as necesidades cambiantes de cada persoa.

Neste modelo identifícanse cinco dimensións relacionadas con áreas ocupacionais necesarias para o benestar: crear unha imaxe persoal positiva e significativa a través da ocupación; sentirse comprometido, desafiado e competente; organizar o tempo de forma que permita cumprir os obxectivos persoais; contar con relacións persoais gratificantes e alcanzar as necesidades básicas para manter a saúde e a seguridade.

Outro estudo suxire que existe unha relación dinámica entre a saúde e a ocupación. A denominada “Experience Sampling Methodology” (ESM) é unha metodoloxía na que se cualifica o nivel de desafío que supón unha actividade, co obxectivo de categorizar as experiencias de participación en ocupacións. O modelo de 4 canles da ESM concibe o “estado de fluxo” como única experiencia positiva, fronte a ansiedade, aburrimiento e apatía como experiencias negativas. Existe un modelo ampliado no que se inclúen catro canles máis, pero o concepto de “estado de fluxo” segue a considerarse o tipo de experiencia máis positiva. Esta teoría propón a

necesidade da existencia dun equilibrio entre as ocupacións máis desafiantes con aquelas que supoñen un desafío menor, chegando a afirmar que en ocasións o aburrimiento é necesario para alcanzar o momento culminante do “fluxo” (32).

O concepto de equilibrio ocupacional necesita ser estudado máis amplamente nas etapas da infancia e da adolescencia, xa que non se conta con investigacións acerca deste concepto antes da etapa adulta.

Mandich et al (33) afirman a saúde, a autoestima e a adaptación social dos nenos e das nenas relacionase directamente coa participación en ocupacións.

1.3.2. Espazos sensorialmente amigables

O benestar subxectivo depende dunha relación complexa entre o/a neno/a, a actividade e o entorno (físico, social, cultural, socioeconómico...). Os espazos significativos e o acceso a recursos, así como o uso significativo do tempo dedicado á participación en ocupacións son dous dos seis indicadores de benestar subxectivo na infancia do modelo proposto por Brockevelt et al (34).

O ambiente eríxese como un elemento a estudar e deseñar para favorecer a participación de todos/as os/as nenos e nenas nos espazos nos que están involucrados/as (fogar, escola, parque, entre outros).

Por un lado, as barreiras ambientais poden impactar no desempeño ocupacional e supoñer unha experiencia negativa todas as persoas, pero poden ter máis impacto en persoas con dificultades concretas como pode ser a presenza de problemas de procesamento sensorial. Os espazos sensorialmente amigables promoven a inclusión destas persoas. Os/as terapeutas ocupacionais poden colaborar na creación de espazos sensorialmente amigables tanto na escola como dentro da comunidade, co obxectivo de contribuír á participación dos nenos e das nenas nas súas ocupacións significativas (35).

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

A exposición a certos estímulos pode ter diferentes tipos de consecuencias negativas para os nenos e as nenas con problemas de procesamento sensorial. Estas consecuencias poden ser de diferente natureza. Existen consecuencias físicas á exposición de estresantes sensoriais, xa que a seguridade e saúde do/a neno/a pode poñerse en risco. En canto ás consecuencias sociais, é frecuente a evitación de certos lugares. Estes estímulos tamén teñen efectos a nivel emocional nos nenos e nas nenas, así como nos seus cuidadores (36).

Por outro lado, o deseño e implementación de ambientes e espazos sensorialmente amigables e respectuosos coa infancia, favorecen a participación en ocupacións.

Finalmente, e a pesar da existencia de investigacións científicas acerca do equilibrio ocupacional en adultos, non existe unha gran cantidade de literatura científica sobre o equilibrio ocupacional, as necesidades ocupacionais e o impacto da implementación de espazos sensorialmente amigables e respectuosos na participación equilibrada nas ocupacións dos nenos e das nenas na escola. Ao considerar importante relacionar estes aspectos na infancia, este proxecto ten o obxectivo de explorar as necesidades ocupacionais dos estudantes no ámbito escolar para promover unha óptima participación ocupacional e social de forma inclusiva dos nenos e das nenas na escola.

2. Bibliografía máis relevante

1. Organización das Nacións Unidas para a Educación a Ciencia e a Cultura (UNESCO). Educación para la salud y el bienestar [Internet] Disponible en: <https://es.unesco.org/themes/educacion-salud-y-bienestar>.
2. Organización das Nacións Unidas (ONU). Educación de calidad: Por qué es importante. [Internet] Disponible en: <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/education/>.
3. Organización das Nacións Unidas (ONU). Declaración Universal de Derechos Humanos. 1948.
4. Narro Robles J, Moctezuma Navarro D. Plan de diez años para desarrollar el Sistema Educativo Nacional. México: Dirección General de Publicaciones y Fomento Editorial, UNAM; 2012 .
5. Organización das Nacións Unidas para a Educación a Ciencia e a Cultura (UNESCO). Declaración de Incheon. Educación 2030 : Hacia una educación inclusiva y equitativa de calidad y un aprendizaje a lo largo de la vida para todos; 2015.
6. Constitución Española. Boletín Oficial del Estado n. 311; 1978.
7. Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. Boletín Oficial del Estado n. 295; 2013.
8. Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del Derecho a la Educación. Boletín Oficial del Estado n. 159; 1985.
9. Real Decreto 1513/2006, de 7 de diciembre, por el que se establecen las enseñanzas mínimas de la Educación primaria. Boletín Oficial del Estado n. 293; 2006.
10. Organización de las Naciones Unidas para la Educación la Ciencia y la Cultura (UNESCO), Ministerio de Educación y Ciencia de España. Declaración de Salamanca y Marco de Acción para las Necesidades Educativas Especiales; 1994.

11. World Federation of Occupational Therapists (WFOT). About Occupational Therapy; 2012 [Internet] Disponible en: <https://www.wfot.org/about/about-occupational-therapy>.
12. American Occupational Therapy Association (AOTA). About Occupational Therapy [Internet] Disponible en: <https://www.aota.org/About-Occupational-Therapy.asp>.
13. American Occupational Therapy Association (AOTA). Occupational Therapy's role with school settings; 2016 [Internet] Disponible en: <https://www.aota.org/About-Occupational-Therapy/Professionals/CY/school-settings.aspx>
14. Jasmin E, Gauthier A, Julien M, Hui C. Occupational Therapy in Preschools: A Synthesis of Current Knowledge. *Early Child Educ J*. 2018;46(1):73–82. DOI 10.1007/s10643-017-0840-3.
15. Jiménez Lara A, Huete García A. La discapacidad en España: Datos epidemiológicos. España; 1999.
16. Gutiérrez D, Casas J, March M, Pascual J. Epidemiología de la discapacidad intelectual en España; 2016.
17. Morales-Hidalgo P, Roigé-Castellví J, Hernández-Martínez C, Voltas N, Canals J. Prevalence and characteristics of autism spectrum disorder among Spanish school-age children. *J Autism Dev Disord*. 2018;48(9): 3176-3190. DOI 10.1007/s10803-018-3581-2
18. Fernández Pérez M, Cortiñas Viñazón L, Iglesias Carbajo A., Gonzalez Rodríguez C, López Benito M. El trastorno por déficit de atención con/sin hiperactividad en España: Crónica de los últimos 15 años. *Acta Pediátrica Española* 2016;74(6):149–53. DOI 10.2903/j.efsa.2009.1215.
19. Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF). Convención sobre los Derechos del Niño; 1989.
20. Organización Mundial de la Salud (OMS). Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud. Ginebra; 2001.

21. Garbiñe Guerra B. Terapia Ocupacional en la escuela: De la teoría a la práctica. TOG. 2015;7115–26. Disponible en: <http://www.revistatog.com/mono/num7/escuela.pdf>
22. León Collado A. Terapia Ocupacional en educación: Emergiendo en el contexto escolar [Internet] Blog Ocupando los Márgenes. 2019. Disponible en: <https://ocupandolosmargenes.org/terapia-ocupacional-en-educacion-emergiendo-en-el-contexto-escolar/>.
23. Mu K, Royeen C, Paschal KA, Zardetto-smith AM. Promoting Awareness and Understanding of Occupational Therapy and Physical Therapy in Young School Aged Children : An Interdisciplinary Approach Promoting Awareness and Understanding of Occupational Therapy and Physical Therapy in Young School Aged Childr. Occup Ther Heal Care. 2002;3(4):89-99 DOI 10.1080/J003v15n03.
24. Chandler B. The power of information: School based practice survey results. OT Week. 1994;18:(4).
25. Case-Smith J. Effectiveness of school-based occupational therapy intervention on handwriting. Am J Occup Ther. 2002;56(1):17–25. DOI 10.5014/ajot.56.1.17.
26. Alba Pastor C, Sánchez Serrano JM, Zubillaga del Río A. Diseño Universal para el Aprendizaje (DUA). Pautas para su introducción en el currículo. España; 2014.
27. Kennedy J, Missiuna C, Pollock N, Wu S, Yost J, Campbell W. A scoping review to explore how universal design for learning is described and implemented by rehabilitation health professionals in school settings. Child Care Health Dev. 2018;44(5):670–88. DOI 10.1111/cch.12576.
28. Anaby DR, Backman CL, Jarus T. Measuring occupational balance: A theoretical exploration of two approaches. Can J Occup Ther. 2010;77(5) DOI 10.2182/cjot.2010.77.5.4.

29. Christiansen CH, Matuska KM. Lifestyle Balance : A Review of Concepts and Research. *J Occup Sci.* 2006;13(1):49–61. DOI 10.1080/14427591.2006.9686570.
30. Matuska KM, Christiansen CH. A proposed model of lifestyle balance. *J Occup Sci.* 2008;15(1):9–19. DOI 10.1080/14427591.2008.9686602.
31. Greenhaus JH, Collins KM, Shaw JD. The relation between work–family balance and quality of life. *J Vocat Behav.* 2002;63(3):510–31. DOI 10.1016/S0001-8791(02)00042-8
32. Jonsson H, Persson D. Towards an Experiential Model of Occupational Balance: An Alternative Perspective on Flow Theory Analysis. *J Occup Sci.* 2006;13(1):62–73.
33. Mandicha A., Polatajkob H., Rodgerc S. Rites of passage: Understanding participation of children with developmental coordination disorder. *Hum Mov Sci.* 2003;22:583–95. DOI 10.1016/j.humov.2003.09.011
34. Brockevelt BL, Cerny SL, Newland LA, Lawler MJ. Activities within an Ecological, Relationship-Based Model of Children’s Subjective Well-Being. *Child Indic Res.* 2019;12(2):589–608. DOI 10.1007/s12187-018-9563-2.
35. Hanna C, Weisberg S, Loesche S. Inclusive Community : Exploring The Benefits of Sensory Friendly Environments. Thomas Jefferson Occupational Therapy Assistant Studies Program.
36. Ashley E, David R. The sensory experiences of children with autism spectrum disorders and complex needs : A qualitative analysis. University of Glasgow.
37. Vaismoradi M, Turunen H, Bondas, T. Content analysis and thematic analysis : Implications for conducting a qualitative descriptive study. *Nurs Heal Sci.* 2013;15(3):398–405. DOI 10.1111/nhs.12048.
38. Taylor SJ, Bogdan R. Introducción a los métodos cualitativos en

- investigación. Ediciones Paidós; 1987.
39. Selener D. Participatory action research and social change. Nova York, Estados Unidos: The Cornell Participatory Action Research Network; 1997.
 40. Balcázar FE. La investigación-acción participativa en psicología comunitaria. Principios y retos. *Apuntes de Psicología*. 2003;21(3):419–35.
 41. Martí J. La investigación - acción participativa. Estructura y fases.
 42. Pita Fernández S, Pértegas Díaz S. Investigación cuantitativa y cualitativa. *Cad Atención Primaria*. 2002;9:76–8.
 43. Otzen T, Manterola C. Técnicas de muestreo sobre una población estudio. *Int J Morphol*. 2017;35(1):227–32.
 44. Dávila Newman, G. El razonamiento inductivo y deductivo dentro del proceso investigativo en ciencias experimentales y sociales. *Laurus*. 2006;12:180–205. Disponible en: <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=76109911>
 45. Mayring P. Qualitative Content Analysis. *Forum Qual Sozialforsch* 2000;1(2).
 46. Braun, V, Clarke V. Using thematic analysis in psychology. *Qual Res Psychol*. 2006;3(2):77–101. DOI 10.1191/1478088706qp063oa
 47. Dür, M et al. Development of a new occupational balance-questionnaire: Incorporating the perspectives of patients and healthy people in the design of a self-reported occupational balance outcome instrument. *Health Qual Life Outcomes*. 2014;12(45). DOI 10.1186/1477-7525-12-45.
 48. Wight M, Chapparo C. Social competence and learning difficulties: Teacher perceptions. *Aust Occup Ther J*. 2008;55:256–65. DOI 10.1111/j.1440-1630.2007.00706.x.
 49. Greenwood D. De la observación a la investigación-acción

participativa: Una visión crítica de las prácticas antropológicas. Rev Antropol Soc. 2000;9:27–49.

50. Asociación Médica Mundial (AMM). Declaración de Helsinki; 1964.
51. Instrumento de Ratificación del Convenio para la protección de los derechos humanos y la dignidad del ser humano con respecto a las aplicaciones de la Biología y la Medicina (Convenio relativo a los derechos humanos y la biomedicina), hecho en Oviedo el 4 de abril de 1997. Boletín Oficial del Estado n. 251; 1999.
52. Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales. Boletín Oficial del Estado n. 294; 2018.
53. Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos). Diario Oficial de la Unión Europea; 2016

3. Obxectivos

3.1. Obxectivo xeral

Explorar e identificar as necesidades ocupacionais relacionadas co desempeño ocupacional, o equilibrio ocupacional e o ambiente para identificar accións que promovan a participación dos nenos e das nenas na escola.

3.2. Obxectivos específicos

- Coñecer e describir o desempeño ocupacional, as necesidades ocupacionais, o equilibrio ocupacional e o impacto do ambiente na participación dos nenos e das nenas na escola.
- Identificar as accións de éxito realizadas polos/as terapeutas ocupacionais na escola para promover ambientes respectuosos coa infancia e promotores de saúde e participación nesta etapa.
- Analizar as características dos espazos e dos patróns de desempeño grupal na escola dende a perspectiva dos nenos e das nenas e do profesorado.
- Diseñar e implementar accións para promover espazos e patróns respectuosos coa infancia na escola.

4. Metodoloxía

4.1. Tipo de estudo

O deseño seleccionado é un estudo mixto, empregando a investigación cualitativa e cuantitativa de forma combinada.

A investigación cualitativa permite comprender unha experiencia desde a perspectiva das persoas involucradas (37). Ray Rist (citado por Taylor e Bodgan (38)) explica que este tipo de metodoloxía pretende describir de forma holística as necesidades reais da poboación de estudo, non converténdolas en variables. Desta forma, pódese indagar en profundidade facendo descubrimentos nos que non se reparara no momento inicial de deseño da investigación.

Neste estudo empregase a Investigación Acción Participativa (IAP). Selener define a IAP como “un proceso mediante o cal membros dun grupo ou comunidade oprimida, recollen e analizan información e actúan sobre os seus problemas co obxectivo de atopar solucións e promover unha transformación política e social” (39). Neste tipo de estudo, a colaboración entre os investigadores e os suxeitos de estudo é fundamental para o proceso (40).

As etapas da IAP, segundo Martí (41), son as seguintes:

- **Etapa pre-investigación:** Detección dos síntomas e realización dunha demanda.
- **Etapa 1:** Comezo do traballo de campo. Iniciase a recollida de información a través da observación e da realización de entrevistas. Preténdese coñecer o contexto e achegarse a problemática co obxectivo de elaborar un diagnóstico.
- **Etapa 2:** Continuación do traballo de campo á vez que se analizan os textos e discursos da poboación de estudo.
- **Etapa 3:** Establecemento das conclusións e realización de propostas para un plan de acción. Elaboración do documento final.

- **Etapa post-investigación:** Posta en práctica do plan de acción e reavaliación en busca de novos síntomas.

Por outro lado, definida por Pita e Pértegas, a investigación cuantitativa é aquela que “trata de determinar a forza de asociación ou correlación entre dúas variables” (42). A investigación cuantitativa permite que os datos e resultados recadados poidan ser xeneralizados e empregados en posteriores investigacións. Os resultados poderán ser facilmente comparados con outras investigacións no mesmo ámbito de estudo. O estudo realizado será descritivo, observacional e transversal.

4.2. **Ámbito de estudo**

O ámbito de estudo será diferente en función da etapa do estudo.

Na primeira fase, o ámbito de estudo será a comunidade autónoma de Galicia. Neste ámbito a poboación de estudo serán profesionais da TO con experiencia no ámbito da infancia.

Na segunda fase, o ámbito de estudo centrarase na cidade de A Coruña, especificamente nun colexio público de educación infantil e primaria. Esta escola conta cunha gran diversidade cultural debido a que o alumnado que participa neste espazo provén de 33 países diferentes. O colexio ofrece servizos como transporte escolar, comedor actividades extraescolares, biblioteca, ou ANPA.

Nesta segunda fase contarase coa colaboración dunha asociación sen ánimo de lucro que dende 1981 traballa en 20 países diferentes co obxectivo de promover a solidariedade e loitar contra a pobreza, a exclusión social e as desigualdades. As súas accións céntranse na infancia e nas súas familias, e na cidade de A Coruña xa realizou diferentes proxectos na escola que colabora neste estudo.

4.3. **Selección dos informantes**

Para a selección de participantes deste estudo, empregarase unha mostraxe non probabilística de conveniencia. Este tipo de mostraxe permite

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

seleccionar como poboación de estudo os suxeitos próximos aos que o investigador ten acceso (43).

Os participantes do estudo seleccionaranse en función duns criterios de inclusión e exclusión específicos segundo o perfil de cada grupo. Os grupos de participantes serán: terapeutas ocupacionais (táboa I), profesorado (táboa II) e alumnado (táboa III).

4.3.1. Grupo I: *Terapeutas ocupacionais*

Táboa I. Criterios de inclusión e exclusión grupo de terapeutas ocupacionais

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
Posuír o título de diplomado e/ou graduado en TO.	Presentar dificultades de dispoñibilidade temporal para a participación nos cuestionarios e/ou entrevista.
Presentar, polo menos, 1 ano de experiencia como profesional de TO no ámbito da infancia e/ou adolescencia.	Desenvolver a súa actividade laboral fora da área da comunidade autónoma de Galicia.
Ofrecer ou ter ofrecido servicios de TO regulares ou ocasionais nun centro educativo.	

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

4.3.2. Grupo II: Profesorado de Educación infantil e/ou primaria

Táboa II. Criterios de inclusión e exclusión grupo profesorado

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
Posuír o título de diplomado ou graduado en Educación Infantil e/ou en Educación Primaria.	Presentar dificultades de dispoñibilidade temporal para participación en cuestionarios, entrevista e dinámica con estudantes.
Presentar, polo menos, 1 ano de experiencia no ámbito de la ensinanza.	
Traballar no colexio no que se realizará o estudo desde fai, polo menos, 6 meses.	

4.3.3. Grupo III: Alumnado

Táboa III. Criterios de inclusión e exclusión alumnado

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
Ser alumno/a de educación infantil e/ou primaria.	Non mostrar interese por participar no proxecto.
Ter unha idade comprendida entre os 3 e os 12 anos.	
Ser susceptible de beneficiarse dunha acción vinculada a promover espazos e patróns respectuosos coa infancia na escola.	
Dispoñer do consentimento de participación por parte do/a titor/a legal.	
No caso de ser maior de 12 anos, contar co documento de asentimento informado.	

4.4. Procedemento

O procedemento deseñado estruturouse en nove fases, que a súa vez foron contextualizadas nas fases establecidas da IAP.

4.4.1. *Etapa pre-investigación*

Procura bibliográfica

Realizouse unha procura bibliográfica en distintas bases de datos, entre as que destacan: Scopus, PubMed e Web of Science. O proceso de busca bibliográfica abarcou sete meses, comezando en outubro e rematando en abril.

Para a procura utilizáronse termos MeSH, terminoloxía libre e a combinación de ambas. As palabras clave empregadas na busca foron “nenos”, “infancia”, “escola”, “necesidades” e “ocupación”, tanto en inglés como en español.

Utilizáronse en combinación cos operadores booleanos “AND”, “OR” e “NOT” para obter resultados máis precisos.

Aceptáronse os artigos escritos en inglés, español, galego e portugués e elimináronse aqueles duplicados ou non coherentes coa temática do estudo.

Entrada ao campo

Accedeuse ao colexio mencionado anteriormente mediante unha asociación, a través da cal se coñeceu o caso da necesidade específica deste centro.

Concretouse unha reunión inicial á que acudiron as tres investigadoras do estudo xunto cunha educadora social da asociación, a cal facilitou ás investigadoras o contacto coa directora do centro. Está profesional será a figura de referencia da asociación para a investigación.

Nesta reunión, o encontro coa directora do colexio tivo o obxectivo de coñecer a súa perspectiva inicial acerca das necesidades existentes no

centro. Tal e como manifestaron a directora do colexio e a Educadora Social da asociación, dende o plan de convivencia do centro no que participan profesorado, alumnos e familias, identificouse como unha necesidade o deseño de espazos respectuosos coa infancia. Durante anos, detectaron que determinadas situacións de vulnerabilidade na vida dos nenos e das nenas impactaba no desempeño académico e na participación das ocupacións na escola. Por este motivo, os diferentes axentes acordaron abordar o deseño e implementación dos espazos para promover a participación.

As seguintes reunións antes de comezar o traballo de campo servirán para coñecer ao profesorado e aos titores/as das aulas que serán a poboación de estudo, así como para observar o centro escolar e coñecer os recursos e espazos dispoñibles.

Por outra parte, contactouse con terapeutas ocupacionais que cumpriran cos criterios de inclusión e exclusión co obxectivo de buscar a súa colaboración na investigación, ofrecéndolles información acerca do proxecto.

Deseño do estudo

Despois de recoller o interese e as aportacións dos centros colaboradores e dos terapeutas ocupacionais potenciais para a participación, procedeuse a realizar o deseño do estudo e a completar o protocolo do mesmo.

4.4.2. *Etapa 1*

Traballo de campo

Comezase o traballo de campo co fin de elaborar un diagnóstico da situación estudada a partir do comezo do próximo curso escolar.

Co obxectivo de recoller as perspectivas acerca do equilibrio ocupacional na infancia, así como sobre os “espazos sensorialmente amigables”, aplicaranse diferentes métodos de recollida de información á poboación de estudo.

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

A percepción dos participantes dos grupos I e II (terapeutas ocupacionais e profesores/as), será recollida mediante unha entrevista semiestructurada e diferentes cuestionarios que se especificarán máis adiante.

Por outra parte, para captar a percepción dos nenos e das nenas, levarase a cabo unha dinámica grupal dentro da aula guiada polo profesor ou pola profesora responsable da mesma. Nesta dinámica tratarase de recoller as ideas aportadas polos alumnos e alumnas.

Pediráselle aos nenos e ás nenas de cada aula que realicen unha serie de debuxos nos que aparezan representados os seguintes conceptos: os seus intereses, as súas dificultades e elementos, situacións ou ambientes que lles axuden a calmarse e relaxarse. Nas aulas de educación infantil, a dinámica poderá ser similar, utilizando debuxos, adhesivos, pintura de dedos, etc.

Empregarase a observación como técnica de recollida de información e o caderno de campo para realizar anotacións durante todo o proceso.

4.4.3. Etapa 2

Análise dos datos

Unha vez obtidos os datos do estudo, procederase á súa análise co obxectivo de establecer os resultados da investigación.

Seguirase un procedemento diferente para a análise dos datos cuantitativos e os cualitativos:

- **Análise dos datos cuantitativos**

Para a análise dos datos cuantitativos, estes serán introducidos no programa SPSS Statistics versión 25.

- Analizaranse neste programa os datos recadados co cuestionario sociodemográfico e cos instrumentos de valoración usados (*Occupational Balance-Questionnaire* e *Teacher Skillstreaming Checklist*). En relación ás variables numéricas, expresarase a media,

desviación típica e rango máximo e mínimo; para as variables nominais, empregaranse frecuencias e porcentaxes.

- **Análise dos datos cualitativos**

Os datos de carácter cualitativo serán obtidos mediante a entrevista semiestructurada. Unha vez gravadas a entrevistas en formato audio, procederase a transcripción das mesmas e a anonimización dos datos de todos os participantes.

Cos datos recompilados levarase a cabo un proceso de análise indutivo, mediante o cal se establecerán conclusión xerais (44).

Realizarase unha codificación e categorización dos datos co fin de atopar as tendencias de palabras (45), mediante un análise temático, como o descrito por Braun e Clark, que pretenderá identificar e analizar as pautas temáticas dentro dos datos recollidos (46). Estas autoras propoñen 6 fases para a realización do análise temático:

- **Fase 1. Familiarización cos datos:** Mediante a lectura repetida e activa dos datos e realización de anotacións e análises iniciais que servirá como base. Isto pode facerse durante a transcripción das entrevistas.
- **Fase 2. Xeración de códigos iniciais:** Mediante os códigos identifícanse aspectos dos datos recollidos que poden resultar de interese para o estudo. Organízanse os datos en grupos.
- **Fase 3. Busca de temáticas:** Clasifícanse os códigos que xorden na fase anterior en posibles temática, prestando atención á relación entre diferentes códigos e temáticas.
- **Fase 4. Revisión de temáticas:** Refínanse as potenciais temáticas, o que pode supoñer a unión, separación ou eliminación de algunha de elas. Establécense as distincións de cada temática.
- **Fase 5. Definición e nomeamento das temáticas:** Analízanse os datos que contén cada temática e identifícanse posibles sub-temáticas.

- **Fase 6. Realización do informe:** Análise final e redacción do informe (46).

4.4.4. *Etapa 3*

Elaboración das conclusións e do plan de acción

Unha vez obtidos os resultados mediante as diferentes técnicas de recollida de información, pasarase á elaboración dun informe onde se expoñerán os resultados e as conclusións do estudo.

Así mesmo, incluírase o plan de acción coa proposta emerxida do análise dos datos.

4.4.5. *Etapa post-investigación*

Posta en práctica

A partir do consenso entre os tres perfís da poboación de estudo obterase a información necesaria para o deseño dun “espazo sensorialmente amigable” no colexio.

Coa información obtida decidírase a localización ideal deste espazo, así como os materiais necesarios a incluír. Unha vez deseñado o espazo, procesarase a súa implementación que será realizada en conxunto polo profesorado, alumnado, familias, entidade colaboradora e as investigadoras do estudo.

Reavaliación

Unha vez implementado o espazo, realizarase unha reavaliación posterior ao seu uso. Este paso terá o obxectivo de detectar a eficacia da acción realizada, así como a posible necesidade de facer modificacións.

Difusión dos resultados

Posteriormente da elaboración do documento no que se expoñan as conclusións da investigación, procederase á difusión dos resultados obtidos.

Esta difusión levarase a cabo en diferentes esferas:

- **Colexio:** Acordarase un día para a difusión dos resultados ante toda a comunidade educativa.
- **Revistas:** Publicaranse os resultados en revistas do eido nacional e internacional cuxa temática sexa congruente coa do estudo realizado. Neste caso, escolléronse revistas do ámbito da TO e da educación.
- **Congresos:** Os resultados da investigación expoñeranse en congresos nacionais e internacionais nos que se traten temas relacionados coa TO e a educación.

4.5. Técnicas de recollida da información

Neste estudo empregaranse tanto métodos cuantitativos como cualitativos para a recollida de información. As técnicas de recollida de datos de carácter cuantitativo serán as seguintes:

1. **Cuestionario sociodemográfico:** Facilitarase un cuestionario para a recollida de información sociodemográfica dos tres grupos de poboación deste estudo, tanto das dúas ramas de profesionais (terapeutas ocupacionais e profesores/as) como dos nenos e das nenas da escola.

O cuestionario facilitado a terapeutas ocupacionais e profesores/as (Apéndice II) será o mesmo e terá o obxectivo de proporcionar variables como sexo, idade ou nacionalidade, ademais de información acerca da experiencia académica e laboral dos participantes.

O cuestionario aplicado aos nenos e ás nenas (Apéndice III) será cuberto polo/a pai, nai ou titor/a legal, e, ademais dos datos mencionados anteriormente, pretenderá conseguir información acerca do entorno familiar e coñecer o porcentaxe de alumnos e alumnas con diversidade funcional que participan na investigación. Ambos cuestionarios requirirán un tempo de administración de aproximadamente 15 minutos.

2. Cuestionario sobre o Equilibrio Ocupacional: Administrarase o cuestionario *Occupational Balance-Questionnaire (OB-Quest)* (47) (Apéndice IV). Este cuestionario será respondido tanto polos/as terapeutas ocupacionais como polos/as profesores/as participantes neste estudo. O seu obxectivo será coñecer a percepción dos profesionais do ámbito da infancia acerca do equilibrio ocupacional dos nenos e das nenas actualmente. Este cuestionario está composto por 9 preguntas nas que se indaga acerca da esixencia das ocupacións da infancia, estrés e descanso, entre outros aspectos.

O tempo de administración aproximado para este cuestionario será de 30 minutos.

3. Lista de comprobación de habilidades na aula para o/a profesor/a: Administrarase o cuestionario *Teacher Skillstreaming Checklist* (Apéndice V) creado por McGinnis y Goldstein en 1997 (citado por Wight e Chapparo (48)). Este cuestionario ten o obxectivo de coñecer as habilidades demostradas polos alumnos e alumnas na aula. Componse de 60 ítems en forma de habilidades necesarias na aula, divididos en 5 categorías (habilidades de supervivencia na clase, para establecer amizades, para a xestión de sentimentos, de alternativas á agresión e de xestión do estrés). Os profesores e as profesoras deberán puntuar cada ítem nunha escala do 1 ao 5 segundo a frecuencia coa que perciban que estas habilidades se dan na aula (1: case nunca, 2: Raramente, 3: A veces, 4: A miúdo, 5: Case sempre). O tempo de administración aproximado deste cuestionario será de 30 minutos

En canto aos métodos de recollida de información de carácter cualitativo, empregaranse os seguintes:

1. Entrevista semiestructurada: Esta técnica empregarase cos e coas terapeutas ocupacionais (Apéndice VI) e os profesores e as profesoras. (Apéndice VII) participantes no estudo. Diseñouse un guión de entrevista diferente para os dous perfís de participantes.

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

A entrevista administrada ao profesorado componse de 20 preguntas e o tempo de aplicación aproximado será de 1 hora.

Os obxectivos desta entrevista son:

- Coñecer a organización e dinámicas de cada aula.
- Coñecer a perspectiva dos profesionais acerca das necesidades existentes na aula e os problemas percibidos.
- Nutrirse do coñecemento e perspectivas dos profesores e das profesoras para o seu uso na investigación.

Por outro lado, a entrevista realizada aos/ás terapeutas ocupacionais terá una extensión de 13 preguntas, con un tempo de administración aproximado de 40 minutos.

Os obxectivos desta entrevista son:

- Coñecer a perspectiva dos profesionais acerca das necesidades da infancia, en especial no ámbito educativo.
- Coñecer a perspectiva dos profesionais acerca do equilibrio ocupacional na infancia.
- Nutrirse do coñecemento e perspectivas dos/as terapeutas ocupacionais para o seu uso na investigación.

2. Dinámica na aula: Realizarase unha dinámica cos nenos e as nenas de cada aula. Esta dinámica será guiada polo profesor ou pola profesora responsable de cada grupo.

O obxectivo desta dinámica será recoller a perspectiva dos nenos e das nenas acerca das súas propias necesidades ocupacionais dunha maneira accesible.

Pediráselle a cada participante que realice e explique 3 debuxos:

- Un debuxo acerca dos seus principais intereses.
- Un debuxo acerca das súas dificultades (medos, actividades ou situacións que non lles gusten ou os poñan nerviosos, etc.)
- Un debuxo acerca de obxectos, situacións ou ambientes que os axuden a calmarse ou relaxarse.

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

Nas aulas de educación infantil, a dinámica poderá ser similar, utilizando debuxos, adhesivos, pintura de dedos, etc.

Os debuxos dos nenos das e nenas recolleranse e utilizarase o caderno de campo para anotar as aportacións.

A dinámica terá unha duración aproximada de 1 hora e media.

- 3. Observación:** Levarase a cabo unha observación participante no contexto natural, a escola. Este tipo de observación baséase en un contacto próximo coa poboación de estudo durante un período de tempo longo, durante o cal existe algún tipo de participación na vida comunitaria (49).

As ideas procedentes da observación anotaranse nun caderno de campo.

4.6. Recursos materiais

- **Gravadora de son:** Empregarase una gravadora de son durante as entrevistas semiestructuradas. Posteriormente as entrevistas serán transcritas e os arquivos dixitais serán eliminados.
- **Caderno de campo:** No caderno de campo tomaranse notas de campo antes, durante e despois da observación no entorno do estudo. Anotáronse as percepcións da investigadora e as aportacións dos suxeitos de estudo.

5. Aplicabilidade

A evidencia científica acerca do equilibrio ocupacional na infancia actualmente é moi limitado. Ao levar a cabo este estudio espérase obter información útil acerca deste concepto que axude a coñecer mellor as necesidades ocupacionais dos nenos e das nenas no ámbito educativo, e a relación do ambiente coa participación en ocupacións, que a súa vez poderían resultar de utilidade a terapeutas ocupacionais e outros profesionais relacionados coa educación ou a infancia.

Ampliar os coñecementos acerca das necesidades ocupacionais da infancia podería axudar na promoción da participación nesta etapa vital. Ademais, os resultados estarán dispoñibles para a súa utilización en estudos relacionados cos ámbitos da TO e da educación.

Finalmente, cos resultados obtidos deste estudo procederase a implementación dun “espazo sensorialmente amigable” nun colexio, o que da resposta a unha necesidade real dunha comunidade e podería aplicarse noutros centros educativos no futuro.

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

6. Plan de traballo

Táboa IV: Plan de traballo

		2019			2020									2021									
		Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set
Pre-investigación	Procura bibliográfica																						
	Entrada ao campo							-	-	-													
	Deseño do estudo																						
1	Traballo de campo																						
2	Análise dos datos																						
3	Plan de acción																						
Post-investigación	Posta en práctica																						
	Reavaliación																						
	Difusión dos resultados																						

7. Aspectos éticos

Durante a realización deste estudo seguíronse as consideracións éticas incluídas na Declaración de Helsinki (50) e no Convenio de Oviedo (51) relativo aos dereitos humanos e á biomedicina para a investigación con seres humanos.

Para cumprir con estes requirimentos ético-legais, antes do comezo das entrevistas e a administración de métodos de recollida de información, facilitarase unha folla de información a cada participante, así como aos/as pais, nais ou titores/as legais dos participantes menores de idade (Apéndices VIII, IX e X). Nesta folla proporcionarase toda a información necesaria acerca do estudo e os obxectivos deste e explicarase en que consiste a participación. A continuación, solicitarase aos participantes a firma dun documento de consentimento informado (Apéndice XI) segundo o cal se obtivo toda a información necesaria e se decide participar no estudo de forma voluntaria. No caso dos participantes menores, solicitarase o consentimento informado firmado polo/a pai, nai ou titor/a legal (Apéndice XII). Ademais, os participantes menores de idade pero maiores de 12 anos, deberán firmar un documento de asentimento informado que indique que desexan participar no estudo (Apéndice XIII). Este documento deberá ir acompañado polo documento de consentimento informado mencionado anteriormente.

Así mesmo, contouse co previo consentimento informado dos participantes para a gravación de documentos de audio, almacenamento e utilización da súa correspondente transcripción.

Para garantir a protección dos datos recollidos neste estudio, respectarase a “Ley Orgánica 3/2018 de 5 de diciembre, de protección de datos personales y garantía de los derechos digitales” (52), así como o “Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales” (53).

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

Os datos obtidos mediante os cuestionarios serán recollidos de forma anónima. Por outro lado, a información obtida mediante as entrevistas, ao gravarse en formato de audio, será recollida de forma codificada. Unha vez transcrita a información, esta conservarase anonimizada e os documentos de audio serán eliminados.

8. Plan de difusión dos resultados

Unha vez obtidos os resultados do estudo, procederase a súa difusión en diferentes revistas e congresos relacionados coa temática investigada.

8.1. Revistas

Seleccionáronse diversas revistas relacionadas cos principais campos que abarca o estudo: a TO e a educación. Indícase o impacto da revista mediante as ferramentas Journal Citation Reports (JCR) e Scimago Journal & Country Rank (SJR), no caso de estar dispoñibles.

- Revista de Terapia Ocupacional Galicia (TOG)

- American Journal of Occupational Therapy

- JCR (2018): 1.952 (Q1)
- SJR (2019): 0.714 (Q1)

- OTJR Occupation, Participation and Health

- JCR (2018): 1.234 (Q3)
- SJR (2019): 0.528 (Q1)

- Australian Occupational Therapy Journal

- JCR (2018): 1.278 (Q3)
- SJR (2019): 0.481 (Q2)

- Canadian Journal of Occupational Therapy

- JCR (2018): 1.098 (Q3)
- SJR (2019): 0.506 (Q2)

- Review of Educational Research

- JCR (2018): 8.985 (Q1)
- SJR (2019): 7.474 (Q1)

- American Educational Research Journal

- JCR (2018): 3.170 (Q1)
- SJR (2019): 3.223 (Q1)

- Revista de Educación

8.2. Congressos

Seleccionáronse varios congresos do panorama nacional e internacional relacionados coa TO e/ou a educación.

8.2.1. Congressos nacionais

- XXI Congreso Nacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional (CENTO): 2021 (Granada). Data por confirmar.
- X Jornadas de Aprendizaje-Servicio de la Universidad de Zaragoza: 2020 (Zaragoza). Data por confirmar.
- XVII Congreso Nacional de Educación Comparada: 25 ao 27 de novembro de 2020 (Barcelona)

8.2.2. Congressos Internacionais

- I Congreso Internacional de Educación para la Justicia Social: 27 a 29 de outubro de 2020 (Madrid)
- II Congreso Internacional Educación Crítica e Inclusiva: 24 y 25 de setembro de 2021 (Segovia)
- II COTEC-ENOTHE Congress: 15 ao 18 de setembro de 2021 (Praga, República Checa)

9. Financiamento da investigación

9.1. Recursos necesarios e orzamento

Na seguinte táboa expóñense os recursos necesarios para levar a cabo a investigación, así como un orzamento estimado.

Táboa V: Recursos necesarios e orzamento

		Cantidad	Importe
Recursos humanos	Terapeuta ocupacional	13 meses a media xornada (1.020€/mes*)	13.260€
Material funxible	Material oficina	-	70€
	Papel impresora (documentos)	3 paquetes de 500 folios	6,57€
	Toner impresora	3	206,70€
Material inventariable	Ordenador portátil	1	339,90€
	Impresora	1	129€
	Gravadora de son	1	196€
Software	Licencia SPSS	3 meses	286,68€
Inscripcións e dietas	Inscripcións congresos	2	530€
	Dietas	5 días x 2	600€
Publicación en revistas	Open access	-	1.500€
TOTAL			17.124,85€

* Coste establecido polo Instituto de Saúde Carlos III para o persoal con cargo a un proxecto con título de Grao.

9.2. Posibles fontes de financiamento

9.2.1. Fontes de financiamento públicas

- **Concello de A Coruña:** Presentarase o proxecto co obxectivo de obter financiación, por ser unha investigación orientada á comunidade educativa dentro do propio concello.
- **Deputación de A Coruña. Convocatoria de bolsas de investigación:** Ofrece bolsas para a axuda á investigación en diferentes áreas, entre as que se atopan as ciencias da saúde.

9.2.2. Fontes de financiamento privadas

- **Fundación Mapfre. Convocatoria de Ayudas a Proyectos Sociales:** Ofrece financiación a proxectos sociais cuxas liñas de acción se vinculen coa nutrición, a saúde, a educación, o emprego e a inclusión social.
- **Fundación Mutua Madrileña. Convocatoria Anual de Ayudas a Proyectos de Acción Social:** Ofrece axudas destinadas a impulsar proxectos que pretendan mellorar a realidade socioeconómica e calidade de vida, sendo unha das liñas temáticas propostas a axuda á infancia con problemas de saúde ou risco de exclusión social.
- **Fundación Iberdrola. Programa Social 2020:** Ofrece axudas co obxectivo de fomentar proxectos destinados aos grupos en risco de exclusión social, es especial á infancia, os cales se relacionen cos ODS da Axenda 2030 da ONU número 1 (fin da pobreza), 3 (saúde e benestar) e/ou 10 (redución das desigualdades).
- **Fundación Mapfre. Programa “Sé Solidario”:** Ofrece axudas a proxectos cuxa acción se relacione coa promoción do benestar físico, psicolóxico e emocional de persoas con enfermidades raras ou diversidade funcional.

10. Agradecementos

Moitísimas gracias as miñas titoras e profesoras, Betania e Natalia, por axudarme e guiarme neste proceso longo con tanta paciencia. Por saber sempre hacia onde tirar cando eu tiña dúbidas ou estaba bloqueada, e por todo o que puiden aprender de vos ao longo da carreira.

Gracias as miñas amigas e futuras compañeiras de profesión, Lara, Laura e Jara, por todo o que fixestes por min ao longo destes catro anos. Por botarme sempre un cable cando non sei nin en que día vivo, por estar pendentes de min e por axudarme a sobre levar dificultades e frustracións.

Gracias a Roi por todo o ánimo que me aportas e por aguantarme cada día queixarme sobre o que me estaba custando acabar este traballo. Gracias por estar orgulloso de min e crer en min cando eu non son capaz.

Gracias a miña familia.

Aos meus pais, por apoiarme e terme dado esta oportunidade, aínda que implique estar lonxe da casa, e por ser o espello no que me miro. Gracias por ser pacientes hasta que me din conta do que é verdadeiramente importante. Gracias a miña nai por ser o maior exemplo de resiliencia. Admírovos moito.

A miñas irmáns, porque formamos un gran equipo. Gracias por facer que me parta de risa continuamente e que se me olvide o estrés cando estou con vos.

As tías, Milos e Bibi, por ser dúas das persoas que máis cousas teñen feito por min durante toda a miña vida. E seguredes facendo, porque aspirar a parecerme a vos faime querer ser mellor. Gracias por estar orgullosas de min e celebrar as miñas victorias.

Por último, pero non menos importante, gracias a Miguel, por ser o que todos necesitabamos aínda que non o sabíamos. Por alegrar coa túa presenza incluso os momentos máis difíciles e por ser unha motivación.

11. Apéndices

Apéndice I: Listaxe de abreviaturas

AOTA: Asociación Americana de Terapia Ocupacional

ANPA: Asociación de Nais e Pais de Alumnos

CENTO: Congreso Nacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional

CIF: Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud

DUA: Deseño Universal para a Aprendizaxe

ESM: Experience Sampling Methodology

IAP: Investigación Acción Participativa

JCR: Journal Citation Reports

LOMCE: Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa

ODS: Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

ONU: Organización das Nacións Unidas

SJR: Scimago Journal & Country Rank

TDAH: Trastorno por Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade

TEA: Trastorno do Espectro do Autismo

TO: Terapia Ocupacional

TOG: Terapia Ocupacional Galicia (Revista)

UE: Unión Europea

WFOT: Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais

Apéndice II: Cuestionario sociodemográfico para profesores/as e terapeutas ocupacionais

Información xeral	Idade: <ul style="list-style-type: none"> ▪ 18 a 25 anos ▪ 25 a 45 anos ▪ 45 a 55 anos ▪ Más de 55 anos
	Sexo: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Masculino ▪ Feminino ▪ Outro
	Nacionalidade: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Española ▪ Outra:
Información laboral	Titulación:
	Profesión:
	Tempo de experiencia: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Menos dun ano ▪ 1 a 5 anos ▪ 5 a 10 anos ▪ Máis de 10 anos
	Ámbitos nos que traballou:

¿Realizou algunha intervención na aula ou patio?

- Si
- Non

En caso afirmativo, ¿que intervencións realizou?

- Adaptación do posto escolar
- Modificación do ambiente
- Asesoramento a profesores/as
- Asesoramento a pais e nais
- Traballo na aula
- Outros:.....
.....

¿Que tipo de recursos utilizou durante a súa intervención?

- Axudas técnicas ou produtos de apoio
- Sistemas de comunicación alternativa
- Material de estimulación sensorial
- Outros:.....
.....

¿Cree que actualmente existe perigo de desequilibrio ocupacional nos estudantes de educación infantil e primaria?

- Si
- Non
- Ns/nc

En caso afirmativo, ¿cales considera que son las dificultades que interfieren no equilibrio ocupacional dos e das estudantes actualmente?

- Pouco tempo de descanso
- Esixencias excesivamente cognitivas
- Carga de traballo académico excesiva
- Carga de actividades extraescolares excesiva
- Outros:.....
.....
.....

¿Cree que a implementación dun “espazo sensorialmente amigable” pode responder ás necesidades actuais dos nenos das e nenas na escola?

- Si
- Non
- Ns/nc

¿Que elementos incluiría nun “espazo sensorialmente amigable”?

¿Cal cree que sería a localización máis adecuada para este espazo?

- Integrado dentro da aula
- Fora da aula

Apéndice III: Cuestionario sociodemográfico para nenos e nenas

Idade:
Curso: <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Educación Infantil<input type="checkbox"/> 1º Primaria<input type="checkbox"/> 2º Primaria<input type="checkbox"/> 3º Primaria<input type="checkbox"/> 4º Primaria<input type="checkbox"/> 5º Primaria<input type="checkbox"/> 6º Primaria
Sexo: <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Masculino<input type="checkbox"/> Feminino<input type="checkbox"/> Outro
Nacionalidade: <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Española<input type="checkbox"/> Outra:
Diversidade funcional: <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> No<input type="checkbox"/> Si:
Compoñentes da unidade familiar: <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Nai<input type="checkbox"/> Pai<input type="checkbox"/> Irmáns... Cantos?.....<input type="checkbox"/> Avós/avoas<input type="checkbox"/> Outros:.....

<p>Profesión do/a pai/nai/titor legal:</p> <p>1.....</p> <p>2.</p>
<p>Nivel educativo máis alto alcanzado polo/a pai/nai/titor legar</p> <ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Sen estudos<input type="checkbox"/> Estudos primarios<input type="checkbox"/> Estudos secundarios obrigatorios<input type="checkbox"/> Formación profesional de grado medio<input type="checkbox"/> Estudos superiores

Apéndice IV: Cuestionario sobre Equilibrio Ocupacional

Occupational Balance-Questionnaire (OB-Quest) (Dür et al, 2014)

1. ¿Xeralmente, atopa as actividades cotiás dos/as nenos/as pouco esixentes?

- Non creo que as actividades sexan pouco esixentes
- Creo que algunhas das actividades son pouco esixentes
- Creo que a maioría das actividades son pouco esixentes

2. ¿Xeralmente, atopa as actividades cotiás dos/as nenos/as demasiado esixentes?

- Non creo que sexan demasiado esixentes
- Creo que algunhas actividades son demasiado esixentes
- Creo que la maioría das actividades son demasiado esixentes

3. ¿Cree que en xeral os/as nenos/as reciben suficiente aprecio polas súas actividades cotiás?

- Creo que os/as nenos/as reciben bastante aprecio
- Creo que os/as nenos/as reciben suficiente aprecio
- Creo que os/as nenos/as non reciben ningún aprecio

4. ¿Con que frecuencia cree que os/as nenos/as se senten tensos no seu día a día?

- Nunca
- A veces
- A miúdo

5. ¿En que medida cree que las actividades cotiás dos/as nenos/as se ven afectadas pola súa saúde?

- En absoluto
- Un pouco
- Moito

6. ¿Xeralmente, cree que os/as nenos/as descansan o suficiente?

- Creo que descansan o suficiente
- Creo que descansan pouco
- Creo que descansan moi pouco

7. ¿Xeralmente, cree que os/as nenos/as dormen o suficiente?

- Creo que dormen o suficiente
- Creo que dormen pouco
- Creo que dormen moi pouco

8. ¿Cree que os/as nenos/as realizan unha suficiente variedade de actividades? Por exemplo, actividades físicas e actividades máis sedentarias, ou unha mestura de actividades creativas e actividades rutineiras.

- Creo que os/as nenos/as realizan actividades suficientemente variadas
- Creo que os/as nenos/as realizan actividades pouco variadas
- Creo que os/as nenos/as realizan actividades moi pouco variadas

9. ¿Cree que os/as nenos/as poden adaptar as súas actividades cotiás aos cambios nas condicións de vida, como por exemplo un cambio no estado de saúde?

- Creo que poden adaptar as súas actividades moi ben
- Creo que non poden adaptar súas actividades ben
- Creo que non poden adaptar súas actividades en absoluto

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

Apéndice V: Lista de comprobación de habilidades na aula para o/a profesor/a:

Teacher Skillstreaming Checklist (McGinnis & Goldstein, 1997)

A seguinte lista consta de 60 habilidades. Debe pensar nos/as alumnos/as da súa clase como un conxunto e marcar (X) as habilidades que cree que a súa clase posúe.

	1.-Case nunca	2.-Raramente	3-A veces	4.-A miúdo	5.-Case sempre
Habilidades de supervivencia en clase					
1. escoitar					
2. pedir axuda					
3. Dicar "grazas"					
4. Traer os materiais necesarios a clase					
5. Seguir instrucións					
6. Completar tarefas					
7. Participar en debates					
8. Ofrecer axuda a un adulto					
9. Facer una pregunta					
10. Ignorar distraccións					
11. Facer correccións					
12. Decidir algo que facer					

Necesidades ocupacionais dos nenos e nenas no colexio

	1.-Case nunca	2.-Raramente	3-A veces	4.-A miúdo	5.-Case sempre
13. Fixar un obxectivo					
Habilidades para establecer amizades					
14. Presentarse					
